




**1. EMPRAZAMENTO**



**DATOS XERAIS**

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Ría de Ferrol. Concello: Ferrol. Parroquia: San Xulián de Ferrol.  
Extensión: 4,85km<sup>2</sup>

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Como todas as unidades urbanas de Galicia, presenta unha transformación moi marcada do seu relevo e dos compoñentes xeomorfolóxicos, non sendo recoñecible a súa forma orixinal. Non existe liña de costa natural, que debeu estar composta por cantís baixos ou plataformas rochosas irregulares, con extensa chaira intermareal areo-lamacenta previa, e teito plano ou en pendente moi suave. Esta fronte tería a súa proxección continental nunha chaira irregular degradada por pequenos cursos de auga e na que destacaba, como fondo escénico, o interfluvio que a separa da Malata, as elevacións de Canido e Santa Mariña, duns 60m snm.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Toda a unidade encóntrase incluída no Dominio "da Serie de Ordes", contendo materiais precámbrico-silúricos metamórficos de xistos. Entre Canido e Ferrol Vello hai un filón de anfíbolitas antehercínicas.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

A área urbana de Ferrol forma parte de dous dominios ombrotérmicos diferenciados polo réxime de precipitacións: dominio Cálido-Subhúmido e Cálido-Seco. A metade occidental, máis húmida, acumula ao longo do ano entre 1000mm e 1200mm, mentres que a oriental (Enseada de Caranza) rexistra un máximo de 1000mm anuais. A temperatura media anual en toda a unidade é superior a 15°C e a amplitude térmica máxima de 12,5°C.

#### OS SOLOS

Potencialmente esta unidade desenvolvería solos do tipo cambisol eútrico en boa parte da súa extensión, propios das chairas costeiras metamórficas de xistos, agás no seu extremo suroeste, onde aparecería un umbrisol dístico. Sen embargo, a profunda transformación do medio levado a cabo pola sociedade urbana leva a encontrar, en moitos casos, antrosóis. Os intermareais introducen a presenza de fluvisóis tiónicos.

#### AS AUGAS

Unidade urbana sen rede fluvial salientable que verte á masa de Augas Costeiras da parte interna da Ría de Ferrol (20124).

#### O PATRIMONIO NATURAL

Zona urbana na que non existe un patrimonio natural a destacar. Só poden ser anotados moi pequenos rodais de frondosas nas hortas dos barrios exteriores, mediante unha recolonización espontánea tras o abandono de predios.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Esta unidade paisaxística atópase ocupada na súa totalidade por usos urbanos do solo. Ademais dos tecidos orixinais da cidade, entre os que destaca o Barrio da Magdalena, succédense os posteriores polígonos ou ensanches de crecemento, as infraestruturas e, moi especialmente, as instalacións portuarias e militares.

#### MORFOLOXÍA

A cidade de Ferrol (núcleo de identidade litoral) presenta unha morfoloxía clara, resultado de procesos de evolución moi planificados. O Ferrol Lanuxe, de traza medieval, sitúase xunto ao porto pesqueiro. A enxeñaría militar deixou as súas mellores pegadas no Barrio da Madalena e as instalacións do Arsenal da Mariña. Os posteriores desenvolvementos portuarios e residenciais seguiron tamén unha pauta xeométrica, completando un armazón ordenado e relativamente ben estruturado por fitos de referencia, no que segue tendo un protagonismo relevante a presenza das instalacións militares.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada C-641, que parte do Ferrol Vello en dirección nordés, constitúe unha clara directriz do desenvolvemento da cidade. O centro urbano, entronca coa N-651 que a través da ponte das Pías constituíu o principal punto de acceso á cidade, até a conexión coa AP-9, que cruza a ría en Neda e rodea Ferrol polo norte, até dar acceso ao porto. Nesta mesma zona norte atópase a estación na que conflúen ferrocarril e FEVE. As infraestruturas portuarias comerciais e militares teñen unha gran relevancia e ocupan a maior parte da fronte litoral.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

A cidade de Ferrol destaca por un rico patrimonio vinculado ao urbanismo militar cunha serie de destacados exemplos, algúns dos cales integran o catálogo da candidatura a patrimonio da Unesco ou ben a consideración de Ben de Interés Cultural (BIC) do propio Arsenal. Xunto a iso o barrio da Madalena, tamén catalogado como BIC no que se poden atopar singulares edificios representativos da época modernista e o barrio de Ferrol Vello como orixe medieval do asentamento, nel pódense encontrar singulares edificios representativos da época modernista e o barrio de Ferrol Vello como orixe medieval do asentamento. Os barrios de Recimil e o barrio antigo de Esteiro son outra proba da singularidade e abundancia do patrimonio desta unidade: edificios, casa de galerías, frontes de rúas, o hospital de Caridade ou los teatros de Jofre e do Renacimiento. E a abundante arquitectura relixiosa representada coas igrexas de San Xulián e a do Socorro e as numerosas capelas como as da Venerable Orden Tercera, San Amaro, Espírito Santo, los Dolores, as Angustias e a do Socorro.



#### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Ferrol ocupa a parte central dunha ría estreita moi ocupada por infraestruturas e centros de produción. A súa orixe militar e a súa forza económica vinculada á especialización na industria naval determinan o seu destino, moi sensible ás fluctuacións económicas, pero en calquera caso imprimiron a Ferrol unha personalidade urbana moi acusada, que a converte en cabeceira dunha ampla área de interrelacións metropolitanas que chegan a entrelazarse coas que se producen na área da Coruña.

#### DINÁMICA DA PAISAXE

A evolución da paisaxe desta unidade seguiu un proceso temporal relativamente descontinuo, moi pautado por actuacións planificadas polos poderes políticos ou o sector produtivo. O desenvolvemento urbano do asentamento primitivo do Ferrol Vello, a construción das instalacións militares e dos estaleiros e a sucesiva execución de novas infraestruturas viarias, ferroviarias e portuarias converteron esta unidade nun armazón urbano compacto e denso.


#### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### 3. AVALIACIÓN

#### VALORACIÓN DA PAISAXE

Un do sete grandes núcleos urbanos da Comunidade Autónoma cuxa xénese está estreitamente vinculada ás políticas de Estado da monarquía borbónica da segunda metade do século XVIII. Esta orixe condicionou a súa propia evolución relacionada coas actividades militares e de estaleiros de moi variable dinámica ao longo do tempo que conserva valiosos exemplos de enxeñaría racionalista do século das luces así como da corrente modernista. Un espazo completamente urbanizado no que dominan as trazas xeométricas e volumes construídos rotundos e representativos, cunha particular relación coa fronte litoral, configuran unha das paisaxes urbanas costeiras máis valiosas de Galicia, con gran potencial para a consecución de espazos urbanos de alta calidade e forte personalidade.





## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS






















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo

- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantís / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29





